

III CERTAME DE POESÍA ERÓTICA “ILLAS SISARGAS” 2008

- 1.- A Asociación Caldeirón e o Concello de Malpica convocan o concurso de poesía erótica “Illas Sisargas” na súa terceira edición.
- 2.- Poderán participar todos os autores e autoras que o desexen cun libro de poemas de temática erótica.
- 3.- As obras, escritas en idioma galego, deberán ser orixinais e inéditas, e non superarán os 600 versos.
- 4.- Os traballos presentaranse por triplicado e baixo plica: en sobre aparte farase constar o título, nome, enderezo, teléfono e currículo do autor/autora.
- 5.- Os orixinais enviaranse, antes do 1 de outubro de 2008, ao enderezo do Concello de Malpica (Avda. Emilio González López, 1- 15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS), Departamento de Educación e Cultura, facendo constar no sobre: *III CERTAME DE POESÍA ERÓTICA “ILLAS SISARGAS” 2008*.
- 6.- Establécese un único premio de 1.000,00 € mais a publicación da obra na colección Caldeirón. O premio poderá ser declarado deserto ou compartido “ex aequo” por varios autores/as se o xurado o estima conveniente.
- 7.- O gañador deberá asistir á entrega dos premios, así como, no marco do acto, ler a súa obra.
- 8.- O xurado será designado polo Concello de Malpica e pola Asociación Caldeirón, sendo a súa decisión inapelable.
- 9.- A primeira edición correrá a cargo da Asociación Caldeirón e o Concello de Malpica. Nas seguintes o autor deberá facer constar a condición de obra gañadora do presente certame.
- 10.- Non se manterá correspondencia sobre as obras presentadas. Agora ben, os interesados poderán retirar das oficinas do Concello de Malpica, Departamento de Educación e Cultura, as obras non premiadas no mes seguinte ao fallo do xurado.
- 11.- A participación no certame presupón a aceptación destas bases.